

OS ANOS DE SUPER 8

[**Les années Super 8**, Annie Ernaux e Davis Ernaux-Briot
2022, Francia, 61 min., VOSE]

Lingua **Francés**

Dirección **Annie Ernaux e Davis Ernaux-Briot**

Guión e voz en off **Annie Ernaux**

Fotografía **Philippe Ernaux**

Música **Florencia Di Concilio**

Produtora **Les Films Pelléas**

Distribución **Filmin**

A gañadora do Premio Nobel de Literatura 2022, Annie Ernaux, comparte, describe e narra en off unha serie de gravacións familiares filmadas en Super 8 entre 1972 e 1981. Imaxes silentes que combinan intimidade familiar e diario de viaxes nun tempo convulso: o de Francia tralo seu Maio, Chile tralo Golpe e a Unión Soviética antes da súa disolución. Unha memoria familiar que é tamén historia e que constitúe unha coherente prolongación da obra literaria da escritora francesa.

Quincena de Cineastas de Cannes 2022.

NOVEMBRO

Martes 12 **A HERDEIRA**

(William Wyler, 1949, EE UU, 115 min., VOSE)

Luns 25 **A FOREIGN SONG**

(César Souto, 2022, Galiza, 82 min., VOSG)

Martes 26 **A CALUMNIA**

(William Wyler, 1961, EE UU, 107 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



OS ANOS DE SUPER 8

ANNIE ERNAUX E DAVID ERNAUX-BRIOT

CINECLUBE PONTEVEDRA

OS ANOS DE SUPER 8 DE ANNIE ERNAUX

Por Jara Yáñez

«Pero que historia se contou neste desfile de imaxes sen máis son ca o crepitar do proxector? Precisábanse palabras para lle dar sentido a este tempo en silencio, fragmentos de vida familiar invisiblemente gravados na historia da época». Estas palabras, escritas e lidas en *off* por Annie Ernaux na parte final de *Os anos Super 8*, condensan o sentido esencial dun filme que, efectivamente, recupera e ordena vellas imaxes familiares, gravadas en Super 8 polo marido da escritora, Philippe Ernaux, entre os anos 1972 e 1981, a través do relato que ela mesma elabora e que conecta así mesmo con algúns dos acontecementos políticos e sociais daqueles anos.

Foi David Ernaux-Briot, o fillo menor de Annie, quen se encargou de recompilar, cincuenta anos despois, os materiais. El é tamén quen os editou coa pauta, precisamente, dese texto que a súa nai elaborara para o filme. *Os anos Super 8* pode ser 'lida', de feito, como prolongación coherente a toda a obra literaria da galardoada co Nobel de Literatura en 2022. Porque é efectivamente a súa capacidade narrativa a que, como ocorre tamén nos seus libros, lle outorga ao filme unha potencia lírica que basea boa parte da súa forza na conexión profunda e sutil da memoria persoal coa realidade pública e histórica do momento. Pero, ademais, resulta tremendamente suxestivo analizar o modo segundo o cal o universo literario da escritora se amplía e bifurca a través do medio filmico. Porque o particular diálogo entre as imaxes e a palabra que se produce no filme está trasladando no fondo unha conversa aberta entre a propia Ernaux e o seu marido, responsable único da gravación daquelas imaxes e do que se separou xusto despois dos últimos rexistros conservados. E é que o relato de Annie vén contradicir, dalgún xeito, o que as gravacións de Philippe mostran: mentres que as imaxes del responden ás formas e aos temas propios deste «estilo doméstico» impersoal, tantas veces visto, que é reflexo dunha vida que se rexistra só nos momentos lúdicos, as viaxes ou as celebracións, a voz de Annie encárgase de matizar, contextualizar e mesmo desmentir esa aparencia imprecisa e idealizada do pasado familiar.

«O que me sorprende das primeiras imaxes tomadas é a sensación teatral do *happening* que a cámara lle trouxo á vida familiar. Un *happening* imaxinado polo meu marido», di Annie ao principio do filme. Introduce con iso unha idea da vida íntima como ficción, como mascarada, que non lle impide non obstante á escritora conectar con eses outros «momentos fráxiles» (de novo nas súas propias palabras) que conteñen a alegría pura das crianzas ou a inocencia feliz dos primeiros anos do matrimonio.

Annie dialoga coas imaxes (en ausencia do seu exmarido, falecido hai xa varios anos) buscando tamén os «signos duns lazos que se desfán». Porque *Os anos de Super 8* é ademais a historia da fin dunha época que, do asasinato de Allende á vitoria de François Mitterrand, supuxo para eles a degradación do amor e a fin da vida xuntos. Annie explica entón un cambio significativo no tipo de imaxes que el rexistra a partir dun certo momento como sinal «invisible» da distancia que se vai impondo entre eles. Co paso dos anos abundan cada vez máis os planos xerais de paisaxes e desaparecen practicamente as secuencias en que aparecen as crianzas ou o interior da casa familiar (signo de intimidade). Máis adiante, as imaxes mudas e violentas dunhas touradas na viaxe a España, as ondas arrebatadas nun plano do mar, o vento que bate sobre a roupa tendida ou dous funiculares que xusto antes de chocar se bifurcan para camiñar en paralelo, marcarán de maneira simbólica o punto definitivo da ruptura.

Mais o relato vital de Annie a partir das imaxes familiares incorpora a reflexión sobre a dificultade que para ela supuxo a confrontación entre a vida matrimonial e as súas ambicións profesionais e creativas. Como muller que se sente fóra de lugar nunha contorna onde todas as esposas eran amas de casa, Annie arrincará secretamente neses anos a escrita dos seus primeiros libros. «Na praia deixei-me levar pola certeza de rematar o libro que apenas comezara a escribir sobre a miña historia como muller asignada desde o matrimonio ao papel de coidadora e de administradora silenciosa da intendencia mentres eu fora criada para crer na liberdade e a igualdade cos homes», explica.

De novo, o persoal é político e a vitoria de Mitterrand coincide no seu relato coa edición do seu libro *A muller xurada* (1981) que, á súa vez, conecta coas imaxes dunha viaxe a Moscova, o último que farían xuntos ela e Philippe e tamén o último filme familiar filmado. Logo da ruptura, el levou a cámara e ela quedou co proxector, a pantalla e todos os rolos de película: «El resoltamente entrou noutra existencia e abandonou a memoria da antiga vida con nós. Isto é, fíxome a súa gardiá», explica Annie Ernaux. *Os anos de Super 8* é, efectivamente, a recuperación daquela memoria familiar que é tamén histórica e que pasa de xeración a xeración a través dos seus fillos. O filme pecha o seu percorrido facendo evidente unha homenaxe aos familiares que xa non están. Tamén a Philippe.